

Un Sínodo para a Casa Común desde a Amazonía

**“Temos crecido pensando que eramos propietarios e dominadores, autorizados a espoliar a terra. (L.S. 1)**

Celebrase hoxe a apertura do Sínodo Especial sobre a Amazonía (Roma, 6–27 outubro 2019), participan nel máis de 250 persoas que debaterán sobre a **“Amazonía: novos camiños para a Igrexa e para unha ecoloxía integral”**.

A palabra Sínodo provén do grego e significa **“camiñar xunt@S”**, sen facer diferenzas e sentindo a implicación desde a igualdade compartida da cidadanía do mundo. Non é, xa que logo, unha reunión dunha minoría atrapada nun continente lastrado polo abuso e a destrución medioambiental, senón unha invitación ao compromiso para todas as persoas que queremos que a nosa Casa Común non acabe quedando nas mans dos que a utilizan como medio de enriquecemento e destrución.

En tempos de moito balbordo e medias verdades enchoupadas de emotivismo; onde a reflexión vai escaseando, o Sínodo quere ser un **ágora** de escoita, diálogo e discusión –non imposición–, no que as voces das persoas de dentro e fóra da Igrexa ás que nunca se lles escoita nos foros internacionais, van ser escoitadas desde a reivindicación na defensa dos tres T: **Terra, Traballo e Teito**.

O Sínodo que agora se inaugura en Roma quere ser o altofalante que saque do romanticismo co que falamos tantas veces a vida, os problemas, os abusos e os esquecementos dos homes e mulleres da Amazonía e de todas as Amazonías existentes no noso mundo, nesta Casa Común que tan pouco coidamos e tanto degradamos e destruímos desde o paradigma neocapitalista, que segue a considerar que o que importa non é o tempo, senón este tempo e neste espazo, sen posibilidade de mirar cara adiante para responsabilizarnos do que estamos a facer e o que imos deixar. Non é de estrañar, entón, a forza coa que vai xermolando a reivindicación da xente nova erguendo a súa voz para superar a ensoñación tecnolóxica, pero asumindo que só cambiando as actitudes será posible frear a degradación do planeta

Xa o Concilio Vaticano II na constitución **Gaudium et spes** e o papa Paulo VI na exhortación **Octogesima adveniens**, urxiannos, hai máis de cincuenta anos, a non darlle as costas a esta situación. Moito máis recentemente, Francisco na encíclica **Laudato si** –24 de maio de 2015– situaba este esforzo continuo por dignificar a Casa Común afastándoa das

tentacións economicistas, poñendo a antropoloxía no centro da reflexión e do debate sobre a cuestión. Unha antropoloxía que ha ser integral e non excluín-te; unha antropoloxía que se constrúa desde o que se comparte e une, e non desde os intereses utilitaristas. A proposta de Francisco é dialóxica, aberta e non exclusiva, chama a non darlle as costas aos problemas que a ansia de poder, dominio e lucro, están levando á destrución de calquera posibilidade de Vida. A audacia do papa está en situar o problema medioambiental no contexto da reflexión teolóxica, en continuidade coa proposta evanxélica de Xesús no binomio xustiza – igualdade. Ningunha zona do planeta é superior nin ha impor a súa forza sobre aquelas que, aparentemente, son máis pobres desde o punto de vista do poder económico. Porque “*non somos Deus*”, temos que loitar contra a tentación da arrogancia de quen se cre superior e con capacidade sobre todo, sobre todos e sobre todas.

Son estas as claves desde onde entender o documento de traballo – *instrumentum laboris*– que, partindo dunha metodoloxía sinodal, invita a facer do diálogo eixe de realismo, non exclusivista. Un texto que sitúa a defensa da persoa pobre como camiño desde onde seguir para superar as ansias de dominio e poder que nos levan, tantas veces, a arramplar con todo e todos canto temos diante. Porque é un “*agasallo de Deus*” (Bieito XVI), temos que comprometernos por promover unha sociedade na que poidamos vivir e recoñecernos coma iguais desde unha “*ecoloxía humana*”, respectada nunha sociedade que ten que facer posible a “*ecoloxía ambiental*”.

O *instrumentum laboris*, na súa proposta metodolóxica, urxe a saír dos templos para descubrir a Deus nun mundo non patrimonializado por ninguén, onde o quefacer teolóxico ve nas criaturas a presenza Daquel que as creou, comezando polo mesmo ser humano, imaxe e semellanza e centro do cosmos e da historia (Xn 1, 26.27); pois a creación é lugar da busca e encontro de Deus. Sendo Xesucristo o centro e propoñendo o diálogo entre a fe cristiá e outras crenzas nun mundo, Casa común, multiétnico, multicultural e multirelixioso. Cristo encarnase converténdose nun home de diálogo; supondo encontro con El ha un “*horizonte de diálogo cordial, histórico e escatolóxico*” (*Instrumentum laboris* 37). Buscando a verdade, sen atraparnos na posverdade emotiva, senón na racionalidade inculturada e sinodal.

Clodomiro Ogando.

Profesor de Teoloxía Moral Social.

Instituto Teolóxico, Vigo